



Arvaianas

Memoria anual
2024



**Réxime
xurídico**

**Lei Orgánica 1/2002,
do 22 de marzo,
reguladora do Dereito
de Asociación**

**Resistro
Asociación**

**Rexistro Central de
Asociacións da Xunta
de Galicia**

**Nº de
Inscripción**

2008/12168-1

**Data de
Inscripción**


26 de agosto de 2008

NIF

G70179189



ÍNDICE



01 A nosa entidade

02 Os nosos fins

03 As actividades desenvolvidas

04 Equipo Humano

05 Recomendaciones futuras

06 Conclusiones



A nosa entidade

Somos unha asociación sen ánimo de lucro, independente de calquera ideoloxía política e relixión. Arraianas nace no ano 2008, pero no é ata 2019, en plena pandemia pola COVID-19, que se configura o proxecto definitivo que se está a desenvolver na actualidade. A día de hoxe consta dunha base social de 118 persoas que agardamos siga a medrar.

Nesta nova etapa da entidade, propuxémonos como misión combater e previr as desigualdades da nosa sociedade, actuando de ponte (a través da prestación de servicios profesionais de calidade) entre as persoas que carecen de recursos, medios e/ou información e a consecución dos seus dereitos, favorecendo deste xeito a transformación social.

A nosa visión supón acadar unha sociedade máis xusta, igualitaria e intercultural.

Os valores que definen a Arraianas son os seguintes:



**Equidade
social**

**Participación
social**

**Ética
profesional**

**Humildad
cultural**

**Traballo en
rede**

Respetto

Interdisciplinariedade

**Reflexión
crítica da
realidade**

**Compromiso
e implicación**

Interculturalidade

02

Os nosos fins

–Velar pola defensa dos dereitos configurados na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, traballando pola súa aplicación práctica para tódalas persoas.

–Promoción da integración, inclusión social e defensa de tódolos dereitos das persoas en risco ou situación de exclusión social. Prestarase especial atención ás persoas migrantes, refuxiadas e apátridas.

–Contribuír á construción de sociedades interculturais e diversas que faciliten a convivencia e os procesos de inclusión, garantindo a igualdade de oportunidades, de trato e non discriminación de tódalas persoas que forman parte da sociedade. Procurarase a erradicación dos delitos de odio dirixidos a persoas especialmente vulnerables.

–Promoción dunha perspectiva de xénero. Prestarase atención á plena inclusión das mulleres vítimas de violencia de xénero, en contexto de prostitución, vítimas de trata de seres humanos e/ou tortura.

–Adopción de posturas públicas de denuncia ante situacións de violación dos dereitos humanos, de violencia, de inxustiza social, efectos do cambio climático, etc. e ante calquera posible factor xerador de movementos humanos forzosos.

–Proporcionar apoio ás familias ao longo de todo o seu ciclo vital, especialmente ás monomarentais. Poñerase especial énfase na atención á infancia, terceira idade e persoas que viven en soidade ou illamento, favorecendo a comunicación e a cooperación intragrupo e intergrupo.

–Promoción da participación, transformación e activación social, a nivel asociativo e individual, de toda a poboación xeral, especialmente das persoas en risco de exclusión social.

...02

- Promover o desenvolvemento e ser axentes de cambio naquelas zonas xeográficas que por estaren afastadas, os colectivos en risco que alí residen non dispoñen dos recursos precisos para lograr unha igualdade de oportunidades. Procurarase contribuír á desaparición da fenda dixital.
- Promoción e protección medioambiental e do eido rural, buscando de xeito especial incidir en posturas de consumo respectuoso co mesmo que favorezan o desenvolvemento sostible e comunitario.
- Promoción da saúde colectiva e individual das persoas. Concibindo esta dende un enfoque integral. Facilitando o acceso a recursos de coidado e saúde mental, especialmente cando se trate de colectivos que, polas súas características, teñan dificultade de acceso ó mesmo. Neste senso, achegar recursos e traballar co obxectivo de promover relacións socio-afectivas sans.
- Prevención e promoción da saúde mental da poboación xeral, con especial atención a persoas que padecen trastorno mental.
- Prevención das condutas aditivas con e sen substancia e promoción de hábitos de vida saudable.
- Fomentar a ampliación e creación de redes que faciliten e propicien o estudo e investigación das realidades sociais, así como o traballo coordinado entre as diferentes entidades públicas e privadas.
- Fomentar a formación e a sensibilización de toda a poboación. Potenciando o voluntariado nas diferentes áreas de traballo da asociación.



Actividades desenvolvidas

A continuación relataranse as actividades e servizos levados a cabo ao longo do ano 2024. Explicaranse para cada unha as súas características, participantes e resultados obtidos.

XERMOLLO: Proxecto de Inclusión básica para a poboación migrante

A finais do ano 2023 comeza a implementarse o Proxecto Xermolo, dirixido a facilitar a inclusión social, a participación activa e o fortalecemento de habilidades e coñecementos que lle permitan ás persoas migrantes desenvolverse de xeito autónomo na sociedade de acollida dende un principio. Trátase dun proxecto de inclusión social artellado en torno a unha serie de accións grupais e individuais que se complementan con outros recursos da contorna. Buscamos con isto fomentar a participación en diversas accións que lle proporcionen á persoa unha mellora no seu nivel de benestar.

Unha das características fundamentais deste proxecto é o apoio integral proporcionado ás persoas migrantes en situación de vulnerabilidade. Resulta importante na intervención con persoas nesta situación o apoio dende os eidos social, psicolóxico, sanitario, formativo e administrativo. Esta intervención supón a base para a consecución de dereitos básicos e para o fortalecemento persoal, condicións necesarias na intervención dirixida á inclusión social.

Este programa busca "Inclusión Social e loita contra a pobreza" e ademais, tal e como a Xunta de Galicia establece como prioridade na súa Diagnose do programa FSE+ Galicia 2021-2027, a través da implementación do proxecto Xermolo, preténdese loitar contra as situacións de pobreza estrutural e severa e contra a privación material da poboación.

...03

Búscase asegurar a protección integral na orde xurídica, económica e social, das persoas e familias en situación de pobreza severa, persoas maiores e grupos especialmente vulnerables ou en exclusión, así como a non estigmatización destas persoas.

Trátase dunha Operación cofinanciada parcialmente co Fondo Social Europeo Plus (FSE+) a través do programa FSE+ Galicia 2021-2027.



Este programa desenvolveuse ao longo do ano 2024. Ten unha duración prevista ata o 30 de abril do 2025.



Foi levado a cabo por seis profesionais con formación e experiencia na intervención con persoas migrantes.



O custe de este proxecto foi de 40.255,85€ e foi financiado polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) a través do programa FSE+ Galicia 2021-2027.

As persoas atendidas neste programa estaban empadroadas nalgún concello da Comarca de Santiago ou nos concellos limítrofes a esta e atravesaban unha situación de vulnerabilidade por ser migrantes (esta situación estaba acreditada por un informe emitido por unha traballador/a social colexiado/a).



33 mulleres
atendidas



27 homes
atendidos



AYNI: Programa de inclusión e transición ao emprego para persoas migrantes

O programa Ayni está dirixido a facilitar a inclusión social e laboral activa, a participación social e o desenvolvemento de habilidades e coñecementos que permitan ás persoas migrantes desenvolverse na sociedade de acollida, así como a mellora do seu nivel de empregabilidade. Para a consecución deste obxectivo desenvólvese un proxecto artellado en torno a unha serie de accións grupais e individuais que se complementan con outros recursos do sistema galego de servizos sociais existentes no ámbito territorial de acción.

Este programa conta cun alto grao de especificidade no apoio integral proporcionado ás persoas migrantes en situación de vulnerabilidade, incluíndo aqueles casos nos que a solicitude de protección internacional foi denegada, así como ás persoas solicitantes de protección internacional ou con concesión de estatuto de protección (refuxiadas, protección subsidiaria ou permiso temporal por razóns humanitarias).

Resulta importante na intervención con persoas destes colectivos un apoio desde os ámbitos social, psicolóxico e xurídico, polas características especiais do seu proceso migratorio e pola súa situación xurídica. Este tipo de intervención adoita ser a base na que se sustenta a consecución de dereitos, o fortalecemento persoal, e a inclusión social e laboral.

Ademais, a entidade leva acabo unha serie de accións de asesoramento e apoio técnico especializado no eido xurídico, formativo e de ocio. As persoas participantes do programa Ayni poderán acceder complementariamente a estas actividades.

Este programa busca "Inclusión Social e loita contra a pobreza" e ademais, tal e como a Xunta de Galicia establece como prioridade na súa Diagnose do programa FSE+ Galicia 2021-2027, a través da implementación do programa Ayni, preténdese loitar contra as situacións de pobreza estrutural e severa e contra a privación material da poboación. Búscase asegurar a protección integral na orde xurídica, económica e social, das persoas e familias en situación de pobreza severa, persoas maiores e grupos especialmente vulnerables ou en exclusión, así como a non estigmatización destas persoas.

...03

Trátase dunha Operación cofinanciada parcialmente co Fondo Social Europeo Plus (FSE+) a través do programa FSE+ Galicia 2021-2027.



Este programa desenvolveuse durante todo o ano 2024. Ten unha duración prevista ata o 30 de abril do 2025.



Foi levado a cabo por 7 profesionais con formación e experiencia na inclusión social e laboral das persoas migrantes.



O custe de este proxecto foi de 40.233,35 € e foi financiado polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) a través do programa FSE+ Galicia 2021-2027.

As persoas atendidas neste programa estaban empadroadas nalgún concello da Comarca de Santiago ou nos concellos limítrofes a esta e atravesaban unha situación de vulnerabilidade por ser migrantes (esta situación estaba acreditada por un informe emitido por unha traballador/a social colexiado/a).



32 mulleres
atendidas



34 homes
atendidos



NosOutras: Programa de inclusión e transición ao emprego para persoas en risco de exclusión

O programa NosOutras está dirixido a facilitar a inclusión social e laboral, a participación activa e o desenvolvemento de habilidades e coñecementos que permitan ás persoas en risco de exclusión social, desenvolverse na sociedade e mellorar o seu nivel de empregabilidade.

Para a consecución deste obxectivo, desenvólvese un programa artellado en torno a unha serie de accións grupais e individuais que se complementan con outros recursos do sistema galego de servizos sociais existente no ámbito territorial de acción.

As accións dentro deste programa están vinculadas á realización de itinerarios personalizados de inserción de cara á mellora do nivel de empregabilidade de persoas en risco de exclusión. Ademais, a entidade leva acabo unha serie de accións de asesoramento e apoio técnico especializado no eido xurídico, formativo e de ocio. As persoas participantes do programa NosOutras poderán acceder complementariamente a estas actividades.

Este programa busca "Inclusión Social e loita contra a pobreza" e ademais, tal e como a Xunta de Galicia establece como prioridade na súa Diagnose do programa FSE+ Galicia 2021-2027, a través da implementación do programa NosOutras, preténdese loitar contra as situacións de pobreza estrutural e severa e contra a privación material da poboación. Búscase asegurar a protección integral na orde xurídica, económica e social, das persoas e familias en situación de pobreza severa, persoas maiores e grupos especialmente vulnerables ou en exclusión, así como a non estigmatización destas persoas.

Trátase dunha Operación cofinanciada parcialmente co Fondo Social Europeo Plus (FSE+) a través do programa FSE+ Galicia 2021-2027.

...03



Este proxecto desenvolveuse ao longo de todo o ano 2024 e a data prevista de finalización é o 30 de abril do 2025.



Na súa execución participaron 7 profesionais con formación e experiencia na inclusión social e laboral de persoas en situación de vulnerabilidade.



O custe de este proxecto foi de 46.965,16 € e foi financiado polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) a través do programa FSE+ Galicia 2021-2027.

As persoas atendidas neste programa estaban empadroadas nalgún concello da Comarca de Santiago ou nos concellos limítrofes a esta e atravesaban unha situación de vulnerabilidade en base á Lei 10/2013, do 27 de novembro (esta situación estaba acreditada por un informe emitido por unha traballador/a social colexiado/a).



56 mulleres
atendidas



7 homes
atendidos



1 persoa non
binaria atendida

A TRIBO: Apoio á conciliación no marco do servizo de apoio á inclusión sociolaboral

O programa A Tribo está dirixido a facilitar a conciliación para aquelas persoas participantes doutros programas de inclusión e inserción social e laboral ofertados por Arraianas, como por exemplo NosOutras ou Ayni, encamiñados a mellorar o nivel de empregabilidade de persoas migrantes e



persoas en risco de exclusión social.

Pretendemos a creación dun espazo que lle permita ás familias, especialmente ás monomarentais, acceder ao mercado laboral e formativo, reducindo de forma significativa o risco de exclusión e favorecendo o acceso a recursos.

A acción a desenvolver neste programa está principalmente orientada ás crianzas, e estrutúrase a partires de diferentes recunchos, como por exemplo zonas de aprendizaxe musical, científica e medioambiental, de lectura ou de ábaco.

Queremos crear un lugar que favoreza a igualdade de acceso ás oportunidades de toda a infancia e que permita xerar e crear coñecementos e aprendizaxes significativas importantes de cara ao desenvolvemento integral.

No caso de menores con algunha dificultade nos procesos de aprendizaxe das linguas, pretendemos unha mellora partindo dunha metodoloxía activa. Ademais, a entidade leva a cabo outras actividades ás que poden acceder as crianzas de forma complementaria, e en función das súas necesidades, como é o reforzo socioeducativo para menores.

Este programa busca "Inclusión Social e loita contra a pobreza" e ademais, tal e como a Xunta de Galicia establece como prioridade na súa Diagnose do programa FSE+ Galicia 2021-2027, a través da implementación do programa A Tribo, preténdese loitar contra as situacións de pobreza estrutural e severa e contra a privación material da poboación. Búscase asegurar a protección integral na orde xurídica, económica e social, das persoas e familias en situación de pobreza severa, persoas maiores e grupos especialmente vulnerables ou en exclusión, así como a non estigmatización destas persoas.

Trátase dunha Operación cofinanciada parcialmente co Fondo Social Europeo Plus (FSE+) a través do programa FSE+ Galicia 2021-2027.



Este programa desenvolveuse ao longo de todo o ano 2024 e a data prevista de finalización é o 30 de abril do 2025.

...03



Na súa execución participaron 2 profesionais con formación e experiencia na intervención con poboación infantil e xuvenil.



O custe de este proxecto foi de 15.432,32 € e foi financiado polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) a través do programa FSE+ Galicia 2021-2027.

As persoas atendidas neste programa participaban nalgún dos programas de transición ao emprego da entidade ou no de inclusión básica.



28 familias
atendidas



11 familias
monomarentais
atendidas



39 menores
atendidas/os

Nabata. Programa de atención integral a persoas migrantes

Programa de acompañamento integral dende os ámbitos xurídico, social e psicolóxico, dirixido a facilitar a inclusión social, a participación e o desenvolvemento de habilidades e coñecementos que lle permitan ás persoas migrantes desenvolverse na sociedade de acollida. Dito programa componse de tres eixos fundamentais:

...03

Asesoramento xurídico: servizo especializado en materia propia de estranxeiría e Protección Internacional (PI), vinculado tamén con múltiples especialidades do dereito civil, laboral, administrativo, etc., facilitando así unha atención completa.

Atención psicolóxica: servizo que actúa como eixo artellador da intervención, facilitando o restablecemento da capacidade de afrontamento e desenvolvemento funcional e social na procura da reconstrución do proxecto vital das persoas migrantes, o cal se ve afectado polo estrés aculturativo que implica o proceso migratorio e a adaptación á nova situación.

Acompañamento social: a través da orientación social individualizada búscase facilitar información e apoio na xestión de recursos de primeira necesidade e recursos/axudas económicas ou sociais, tamén no funcionamento das Administracións Locais, do Sistema Educativo Galego, do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), etc. así como noutros recursos aos que poidan acceder e que sirvan para ampliar a súa rede social de apoio, facilitando a súa plena integración social.

A Deputación da Coruña financiou un 79% do total do custe do programa Nhabata. O 21% restante foi financiado por Arraianas.



Este programa desenvolveuse ao longo de todo o ano 2024.



Na súa execución participaron 7 profesionais con formación e experiencia na inclusión social e laboral de persoas migrantes.



O custe deste proxecto foi de 23.548,66€, financiado pola Deputación de A Coruña nun 79% con 18.603,44€ e nun 21% con 4.945,22€ pola Fundación La Caixa.



FOIE: Convocatoria do programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o investimento de servizos sociais no 2024.

Para o desenvolvemento do Proxecto Nnabata a deputación concedeu a Arraianas o FOIE 2024 para o investimento en servizos sociais, dada a necesidade de mellorar o equipamento informático. O material xerou un impacto positivo do xeito que se detalla a continuación:

- Funcións técnicas: Elaboración e posta en práctica de ferramentas que permitiron o deseño das actividades, o rexistro das participantes, a elaboración de materiais e a correcta avaliación do proxecto.
 - Funcións relacionadas coas participantes: participación e realización de actividades, cursos, etc, nos que estaban inscritas mellorando o seu acceso á información.
 - Actividades do programa: o uso dos materiais citados supuxo unha mellora tanto no deseño e desempeño tanto das actividades grupais (mellor calidade da información aportada, aforro e eficiencia, participación activa das participantes), coma do desempeño das mesmas (maior nivel de participación, aumento do dinamismo, maior grado de implicación).
- A Deputación da Coruña financiou un 80% do total do custe do investimento. O 20% restante foi financiado por Arraianas.



O custe do investimento foi de 4.391,39€, financiado pola Deputación de A Coruña nun 80% con 3.513,11€



Mulleres na Raia: Encontros participativos

Este programa nace para dar resposta á necesidade presentada polas mulleres que participan dos proxectos de Arraianas para a creación dun espazo seguro no que poder compartir as súas experiencias.

Este espazo ten por finalidade incrementar a rede de apoio entre mulleres, na procura dun maior desenvolvemento persoal e social e de cara a afrontar os proxectos de vida e as dificultades inherentes ao feito de ser muller.

Así, con este programa buscouse:

- Mellorar o benestar emocional das mulleres de cara a afrontar de xeito máis favorable situacións persoais, familiares e sociais, a través de espazos grupais e comunitarios.
- Propoñer situacións que faciliten de xeito global, o apoderamento e o desenvolvemento persoal das mulleres.
- Fomentar a participación activa das mulleres sobre a súa contorna a partires da achega de ideas, accións ou propostas de transformación visibles para o resto da cidadanía.

Trátase dunha acción financiada polo Concello de Santiago de Compostela dirixida ao desenvolvemento de actividades que promoven a igualdade de xénero na contorna.



Este programa desenvolveuse ao longo dos meses de maio, xuño, xullo e agosto.



FN a súa execución participaron 5 profesionais con formación e experiencia en materia de igualdade e traballo con mulleres en contextos de violencia.



O custe de este programa foi de 2.800.00 € e foi financiado polo Concello de Santiago de Compostela.



As mulleres atendidas neste programa eran mulleres migrantes e estaban empadroadas no Concello de Santiago de Compostela.



10 mulleres
atendidas

Aloia: Programa de atención integral a mulleres migrantes.

Por primeira vez, no ano 2024 comezou a implementarse este programa de atención integral dirixido a mulleres migrantes e que ten como obxectivo promover a inclusión e a participación activa, o apoderamento e o fortalecemento de redes, habilidades e coñecementos que permitan incrementar a autonomía das mulleres migrantes participantes. Así, con este programa búscase facilitar un desenvolvemento pleno na sociedade de acollida e unha mellora no nivel de empregabilidade das participantes. Para isto, a intervención baséase nunha atención integral e personalizada cun enfoque de dereitos e impulsando sempre os principios transversais de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e de non discriminación por razón de xénero ou calquera outra razón.

Neste programa recóllense os seguintes servizos:

- Servizo de Orientación e Información sobre recursos singularizados, de atención, orientación e asesoramento persoal e social.
- Servizo de Atención psicolóxica.
- Servizo de Asesoramento xurídico.
- Servizo de Mediación intercultural e familiar.
- Actividades para adquisición de habilidades persoais e sociais básicas ou de competencias para a mellora da empregabilidade
- Servizo ou medidas de orientación laboral e de acompañamento na busca de emprego.

...03



Este programa desenvolveuse entre os meses de marzo e agosto de 2024, ambos incluídos.



Na súa execución participaron 6 profesionais con formación e experiencia en materia de igualdade e transición ao emprego.



O custe de este programa foi de 13.973.76€ e foi cofinanciado pola Conselleira de Política Social e Igualdade nun 80% con 11.179,01€ e pola asociación Arraianas nun 20% con 2.794,75€.

As mulleres atendidas neste programa foron mulleres migrantes empadroadas no concello de Santiago de Compostela.



15 mulleres
atendidas

Proxecto Ardora: Unidade de Prevención de Conductas aditivas

Dito proxecto ten como zona de implementación os concellos de Curtis, Sobrado dos Monxes, Silleda e Vilasantar, constando de dous piares fundamentais. Por unha banda, a Unidade de Prevención de Condutas aditivas, situada físicamente na sede que a entidade ten en Santiago de Compostela.

Por outra banda, o Proxecto Ardora inclúe a implementación de diferentes programas da Carteira de Servizos, a saber:



No eido educativo:

–Saúde na escola (PPCEE). As actividades deste programa están enfocadas á intervención co alumnado dos centros educativos así como á poboación mediadora coa finalidade de promover a adopción de estilos de vida saudables, potenciando diversos factores de protección e reducindo o impacto dos factores de risco presentes.

–Non pasa nada, pasa algo? Dirixido ao alumnado de 4º de ESO, a través de diferentes sesións afóndase nos mitos e crenzas sobre as drogas, na evolución condutual do uso á dependencia das diferentes substancias así como nas habilidades de afrontamento que aparecen na Carteira de Servizos. Pode intervirse tamén co profesorado e as familias unha vez feita a análise das necesidades do centro escolar e as posibles situación de risco detectadas.

–Aloumiños (programa propio da entidade). Dirixido ao alumnado de 2º de ESO ten por obxectivo xeral facilitar o desenvolvemento de ferramentas de afrontamento e protección ante situación de consumo, xogo patolóxico, violencia e/ou maltrato favorecendo o aumento da autoestima, o autocoidado e a capacidade para recoñecer os indicadores de risco que alertan destas problemáticas.

No eido xuvenil:

–Activa. Ten como actividades: a elaboración e difusión de material didáctico e divulgativo de carácter preventivo, buscando favorecer hábitos de vida saudable e o bo trato. Formación de mediadoras e mediadores xuvenís. Información e promoción de actividades de ocio saudable.

No eido familiar:

–Máis que un teito. Dirixidas á poboación adulta (pais, nais e titores/as) con crianzas entre 5 e 12 anos que acudan aos CEIP dos distintos concellos nos que opera o Proxecto Ardora.

...03

–En familia, todxs contan. As actividades deste programa van dirixidas á poboación adulta (pais, nais e titores/as) de familias con fillos e fillas adolescentes que se atopan en situación de risco en relación co consumo de substancias nocivas para a súa saúde.

–Entre todxs. Intervención terapéutica dirixida a familias dos diferentes concellos nas que se presente algún patrón de consumo aditivas empadroados nos distintos concellos nos que opera o Proxecto Ardora. Serán persoas derivadas dos servizos sociais de base ou dos equipos de orientación dos centros educativos.

Poboación xeral:

Información relacionada co Proxecto Ardora e sensibilización no eido da prevención do desenvolvemento de condutas aditivas.

A Consellería de Sanidade financia o 94% do custe total do proxecto, sendo aportación propia da entidade o 6% restante.



Este programa desenvolveuse durante todo o ano 2023.
Ten unha duración prevista ata 30 de xullo do 2025.



Foi levado a cabo por 2 profesionais con formación e experiencia na prevención de condutas aditivas



O custe de este proxecto foi de 35.569,13 € e foi cofinanciado pola Consellería de Sanidade nun 94%, sendo aportación propia da entidade o 6% restante.



Atendéronse neste programa persoas residentes nos concellos de Curtis, Sobrado dos Monxes, Vilasantar e Silleda, así como poboación xeral que cumpra os requisitos propios de cada unha das actividades formativas e informativas. Dado que existen intervencións de carácter xeral resulta difícil estimar a poboación efectivamente atendida neste programa, sen embargo, a continuación aparecen recollidos os datos das intervencións directas.



123 mulleres
atendidas



68 homes
atendidos

CANDEA: Prevención do suicidio en maiores e apoio a familias e achegados/as das persoas falecidas

o Programa Candea pretende mellorar o benestar das persoas maiores reducindo a soidade non desexada e promovendo a súa saúde mental así como a das familias e achegados/as de persoas falecidas por suicidio, de cara a previr condutas suicidas así como sensibilizar a axentes da comunidade e a poboación xeral acerca da realidade do suicidio reducindo deste xeito o estigma social.

Está dirixidas a persoas adultas residentes nas Comarcas de A Mariña, Ortegal, Santiago e o concello de Abadín.

As actividades do proxecto están encadradas en torno a 3 fíos estratéxicos que estruturan toda a intervención:

Establecemento de redes de traballo e promoción do coñecemento na poboación xeral e axentes da comunidade implicados no programa. Mediante as actividades encadradas neste fío preténdese fomentar a sensibilización e comprensión, a responsabilidade social e a redución do estigma social acerca da conduta suicida na poboación e impulsar a capacitación de axentes da comunidade para aumentar o coñecemento sobre a conduta suicida así como as boas prácticas na intervención para identificar e axudar a persoas en risco.

...03

- Prevención da conducta suicida e da soidade non desexada en persoas maiores de 65 anos. Con este fío procúrase fomentar a mellora da saúde mental e emocional das persoas maiores participantes do programa e facilitar o acceso a un servizo de coidado das mesma así como reducir a soidade non desexada e promover o incremento das redes de apoio social e das habilidades e coñecementos das persoas participantes.
- Posvención e apoio a familiares e achegados de persoas falecidas por suicidio. A través deste fío de actividades trátase de apoiar ás persoas achegadas e familiares de persoas falecidas por suicidio buscando promover un afrontamento do dño adaptativo e diminuír así factores de risco da conducta suicida.
- Candea foi financiado pola consellería de Sanidade ao abeiro da ORDE do 21 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais.



Este proxecto desenvolveuse dende febreiro a decembro do 2024.



Na súa execución participaron 3 profesionais con formación e experiencia na prevención e promoción da saúde mental.



O custe de este proxecto foi de 54.610,04 € e foi financiado pola Consellería de Sanidade.

...03

As persoas atendidas neste programa estaban empadroadas ou eran residentes das Comarcas de A Mariña, Ortegal, Santiago e do concello de Abadín.



135 mulleres
atendidas



32 homes
atendidos



254.001
beneficiarios/as
indirectos

Contratos privados

Arraianas foi contratada por outras entidades do terceiro sector para desenvolver diversas actuacións relacionadas cos procedementos administrativos das persoas migrantes.



Esta actividade levouse a cabo durante todo o ano 2024.



Foi levado a cabo por varios profesionais da entidade.



O custe das actividades foi 33.591,20€ e foron financiada polas propias entidades que contrataron os servizos.



117 persoas
atendidas



ACTIVIDADE DE SENSIBILIZACIÓN: Presentación do Libro "La hija del Visir"

Rahila Raya, filóloga, refuxiada afgá e participante dos programas de Arraianas, traduciu o libro de Lillias Hamilton "La hija del visir". Dito libro foi publicado pola editorial La luz del flexo e a presentación do mesmo tivo lugar o catro de marzo de 2024 na Hotel Araguaney. Arraianas colaborou con esta actividade dándolle difusión e participando do coloquio da presentación.

ACTIVIDADE DE SENSIBILIZACIÓN: Documental "Gorrións entre tulipáns. Soños detrás de un burka"

Baixo a dirección de Anna Amorós Pons, Arraianas participa neste documental no que, en alusión á ave autóctona do país –o gorrión Afgán– e á flor nacional de Afganistán –o tulipán–, reflicte a ansiada liberdade das mulleres no escuro mundo talibán. Mentres "Soños rotos detrás do burka" representa metafóricamente a angustia, o desalento, a desesperanza do que significa ser muller e vivir sen futuro no Afganistán talibán. Así, en colaboración coa USC e a produtora SERVIMAV, Arraianas pon de manifesto as trabas administrativas que as persoas que veñen de Afganistán sofren para poder regularizar a súa situación administrativa.



ACTIVIDADE DE SENSIBILIZACIÓN: Concerto de Compostela Solidaria

A Asociación Compostela Solidaria organiza anualmente un Concerto Solidario no que recada fondos que despois doa a algunha entidade do concello de Santiago de Compostela. No ano 2024 a entidade elixida foi Arraianas de maneira que en colaboración con Compostela Solidaria, puidemos facer difusión do noso traballo así como das necesidades que as persoas que participan dos programas teñen. Esta actividade tivo lugar o 29 de novembro e deu gran visibilidade á entidade e ao traballo que fai.

ACTIVIDADE DE SENSIBILIZACIÓN: Presentación do libro "Contrastes. Poemas e relatos"

Isabel Méndez Nayacomparte cun grupo de amigas e amigos un proxecto de colaboración social, promovendo a actividade colectiva e buscando esas redes que nos manteñen en contacto tamén a través da escritura e o proceso creativo.

O día 20 de decembro tivo lugar a presentación deste libro no que a migración atravesas os poemas e relatos que o conforman. Arraianas estivo presente na mesma para dar o seu punto de vista con respecto a esta temática.

OUTRAS INTERVENCIÓNS: Intervencións, actividades, ou atencións desenvoltas por profesionais da entidade.

Recóllense aquí, todas aquelas actividades que pola súa natureza ou polas características das persoas demandantes, non poden ser encadradas dentro de ningún dos proxectos anteriormente descritos.

As intervencións enfócanse dende una perspectiva de acompañamento para aquelas necesidades de carácter social, xurídico ou psicolóxico que sexan demandadas ou detectadas ben por persoas físicas ou entidades.

demandantes de servizos. Son sinaladas dentro deste documento dado que se consideran de suma importancia polo seu volume, o cal sinala ao noso parecer, a necesidade de ampliar ou reforzar este tipo de servizos.



283 persoas
atendidas

Atendéronse en total, ao longo de tódalas actividades desenvoltas por Arraianas ao longo do ano 2024 a **927 persoas.**

04

Equipo Humano

Ademais das 99 persoas que conforman a Asemblea e das 4 integrantes da Xunta Directiva, descríbese a continuación o resto do equipo humano de Arraianas, tanto persoal laboral como en prácticas e voluntariado.



En canto ao persoal laboral da entidade 8 persoas estiveron contratadas coa categoría profesional de Grupo 1 (dúas educadoras sociais, dúas psicólogas, dúas avogadas, unha traballadora social e unha orientadora laboral), un profesional coa categoría de Grupo 2 (economista) e tres con categoría de Grupo 3 (monitoras de actividades).



Cinco contratos teñen carácter indefinido e o resto temporal por circunstancias da produción.



Foi contratada unha profesional con contrato de arrendamento de servizos para a docencia dunha formación.


En canto ao voluntariado, ao longo deste ano 2024, participaron 19 persoas en diversas actividades. Tamén fixo prácticas na entidade unha persoa do Ciclo Superior de Integración Social do CIFP Compostela.



Retribución do equipo humano


As persoas que compoñen a xunta directiva non perciben ningunha retribución polas súas funcións.

A continuación expóñense as retribucións de tódalas integrantes do equipo humano de Arraianas.



...04

Expóñense no seguinte gráfico os meses de contrato durante o 2024 do equipo humano.



05

Medios materiais

A Asociación Arraianas dispón dun local de oficinas e aulas en réxime de arrendamento, equipado para poder desenvolver a súa actividade.





Rúa Pexigo de Arriba, 32, baixo. 15703, Santiago de Compostela

Datos Económicos 2024

INGRESOS: 307.851,67€

GASTOS: 287.126,43€



Cumprimento dos fins

No desenvolvemento dos programas levados a cabo pola entidade, atopamos un achegamento aos fins así como ao seu cumprimento. Dunha banda, no perfil das persoas participantes destaca a participación de persoas migrantes nos programas da entidade, atopándose na súa maioría en risco ou situación de exclusión social. Concretamente, fíxose unha aproximación á realidade das familias monomarentais a través dos programas de inclusión sociolaboral e do programa de conciliación, promovéndose así a perspectiva de xénero. En canto á promoción da participación, a entidade mantivo os contactos e o traballo en rede coas entidades e administracións dos anos anteriores, especialmente cos Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela e, ademais, engadiuse á listaxe o servizo de Saúde Mental da Consellería de Sanidade e a Consellería de Emprego. Do mesmo xeito, leváronse a cabo diferentes actividades de sensibilización, favorecendo así ditas redes e facilitando que poidan ampliarse.

Por outra banda, grazas aos proxectos Ardora e Candea financiados pola Consellería de Sanidade e a propia entidade, cumprese co fin de promover a saúde individual e colectiva mediante actividade de prevención de condutas aditivas, promoción de hábitos de vida saudables e a creación de grupos de prevención do suicidio para persoas maiores e posvención para familiares de persoas falecidas por suicidio.

En conclusión, dende a perspectiva do cumprimento dos fins estatutarios houbo unha axeitada aproximación por parte da entidade aos mesmos durante o ano 2024.



Grazas pelo apoio!

Email
arraianas@arraianas.org

Redes sociais
@arraianas_asoc

Teléfono
981.93.60.34

